

XXV ANOS DE  
EXPOSICIÓN FILATÉLICA  
DA  
FEIRA DO VIÑO DO ROSAL



© Rosal, 1994 - 2018



Son tres as comarcas de Pontevedra recoñecidas coa Denominación de Orixe Rías Baixas: O Salnés de terras chairas, localizada entre as rías de Arousa e Pontevedra, cuxo centro de actividade vitícola osténtao Cambados. A variedade autóctona de uva é o albariño; O Condado, zona montañosa xunto ao río Tea, sitúase en termos de Salvatierra. A súa variedade de uva é a treixadura e o albariño; e O Rosal onde abundan as terrazas fluviais, xa na desembocadura do Miño, sitúase entre terras de Tui e A Garda. Utiliza a loureira asociada ao albariño.

Para a obtención de viños tintos empréganse as variedades tintas caíño, brancello e espadeiro no tres subzonas.

A uva albariño ocupa a maior parte da superficie cultivada. Caracterízase polo seu baixo rendemento. É por iso que os seus viños, obtidos coa utilización do 100% da uva desta variedade, de cor amarela-pálido e brillante, de aromas florais e froiteiros, de fina e elegante natureza e frescos e suaves ao padal, sexan froito cobizado.

O viño Albariño, cuxas cualidades e excelencias glosasen e degustasen escritores e poetas como Álvaro Cunqueiro e Ramón Cabanillas, celebrou a súa primeira Festa do Viño en Cambados en 1952 aínda que ata 1980 non obtivo a Denominación Albariño, orixe da actual Rías Baixas.

Cada primeiro domingo de agosto as rúas e prazas de Cambados engalánanse para celebrar a Festa do Viño Albariño, que cumpre este ano a súa 50 edición. No centro histórico-artístico de Cambados, centro neuráxico do val e comarca do Salnés, nas contornas da igrexa de San Benito e do palacio e praza de Ferfiñáns, proclámanse neste popular e festivo día do Albariño Cabaleiros e Donas, cátese e premian os mellores viños da colleita anual.

O selo foi deseñado polo pintor, debuxante e deseñador gráfico Felipe Sánchez Pedrero (FESANPE)

**Texto: Francisco Vicent Galdón**

**Imaxe da portada e o texto da parte superior desta páxina é un fragmento do folleto informativo gratuito do Servicio Filatélico de Correos e Telégrafos da emisión do selo “Vinos con Denominación de Origen Rías Baixas” emitido o 27 de xullo de 2002.**

## SAÚDA DO PRESIDENTE DO GRUPO FILATÉLICO NUMISMÁTICO “VAL DE O ROSAL”



Este ano 2018 é moi significativo para o Grupo Filatélico e Numismático “Val de O Rosal” xa que, facemos a nosa *XXV Exposición Filatélica da Feira do Viño de O Rosal*.

A Directiva do Grupo quere agradecer todos os apoios recibidos durante estes 25 anos, sin esquecernos das participacións de numerosos filatelistas do territorio nacional que, coas súas coleccións, colaboraron ano tras ano a realzar a nosas exposicións.

A Mostra Filatélica sempre se relacionou coa temática do viño, non podería ser doutra maneira xa que, se celebra nas instalacións da *Feira do Viño de O Rosal e Mostra de Productos Típicos*.

O ano pasado comezamos unha serie de cuños conmemorativos e selos personalizados dedicados as variedades de uvas que temos na nosa zona e que, os adegueiros empregan para elaborar seus espléndidos viños.

Durante os días da Feira do Viño de O Rosal e a semana seguinte, toda a correspondencia que saía da Oficina Técnica de Correos de O Rosal, e que así o desexe o remitente, vai co cuño conmemorativo; desta maneira, promociónase por todo o mundo os nosos viños e adegas xa que, o cuño pódese cuñar en calquer envío e para calquera lugar.


Noso modesto Grupo Filatélico e Numismático “Val de O Rosal” quere difundir a interesante *Cultura Filatélica e Numismática* e desexa seguir difundindo e organizando estas Mostras Filatélicas e Numismáticas durante moitos anos máis.

Presidente do Grupo Filatélico e Numismático “Val de O Rosal

Alfonso Dorado Senra

# XXV ANOS DE EXPOSICIÓNS FILATÉLICAS NA FEIRA DO VIÑO; 25 CUÑOS CONMEMORATIVOS PARA O ROSAL





## **XXV ANOS DE EXPOSICIÓNS FILATÉLICAS DA FEIRA DO VIÑO DO ROSAL**

Temos que votar 25 olladas atrás para lembrar a I Exposición Filatélica da Feira do Viño de O Rosal., alá polo 1994. No folleto da X Exposición Filatélica o Presidente do Grupo Filatélico Numismático “Val de O Rosal”, Alfonso Dorado Senra, relatou a iniciativa, en primeira persoa, de o querer que o pobo de O Rosal tivera un cuño conmemorativo coma en outras vilas. Así foi como o relatou:

### Aquela primeira Exposición Filatélica

Cando se celebrou a I Feira do Viño do Rosal, eu, como afeccionado á filatelia, pensei que para O Rosal sería un luxo contar cun cuño que figurase na lista de cuños especiais de España.

Foron moitos os amigos de Vigo e Pontevedra, así como os directivos do Grupo Filatélico da Guarda, os que me animaron; tamén o amigo Manuel “O Obrero” estaba ao tanto do tema.

Acercábase a II Feira do Viño e seguía pensando no tema. Falei con Alfredo Navarro Payá, de Pontevedra e con José Freijanes Domínguez, da Coruña, dous prestixiosos especialistas. Tomei a decisión e fun a entrevistarme co, daquela concelleiro de Cultura, Jesús M<sup>o</sup> Fernández Portela, actualmente alcalde de O Rosal. Pareceu-me un tema curioso pola pouca sona que ata o momento, tivera iso no Rosal. Comenteille que Tabagón acolleu un dos filatélicos máis coñecidos de Galicia, Manuel C. González, falecido en 1978; era fillo do Sr. Groba, fundador da famosa banda de música do mesmo pobo. Este home de ben, foi quen me ensinou algunha teoría desta afección; Jaime Martínez, parente e veciño, era quen me levaba a súa casa. Outros veciños do Rosal que colleccionaban eran Antonio Otero de Novás e Florencio de Martín que residen no extranxeiro.

Na entrevista co Sr. Concelleiro de Cultura falamos de todas as opcións e detalles diante da posibilidade de poder levar a cabo unha exposición deste tipo. Había que solicitar a Dirección General de Correos y Telecomunicaciones un cuño especial, que tiña que ser deseñado por nós. Despois de darlle moitas voltas ao asunto, acordamos que fose meu fillo Fonsi quen fixese o traballo para enviálo a Madrid. Nos seguintes pasos tratouse de elaborar un presuposto para levar a comisión de goberno, de traer as vitrinas do Grupo de Vigo; de que o pregoeiro sería o literato Eliseo Alonso de Goián. Vaía para él un recordo, que xa non está con nós, pois fixo un discurso magistral sobre a Feira, e que quedou como recordo no texto do sobre daquela exposición.

Un ano antes, celebrábase unha exposición na Guarda, con motivo da Festa da Lagosta e, en Vigo, outra conmemorando o Xacobeo 93, sendo presidente Cuevas Aller. Él foi o que me deu un presuposto para a nosa.

A I Exposición Filatélica do Rosal celébrase con gran éxito no salón de plenos do Concello. A estrela do certame foi Manuel Martínez “O Obrero”, cunha gran colección de décimos de lotería dos anos sesenta e que xa o fixera por terras de Castela. Viñeron expositores de Coruña, Pontevedra, Tui, Vigo e A Guarda. Colaboraron o Concello e a Diputación Provincial.

Todos, como amigos que somos por tal especial afección, felicitémonos e seguimos animados con futuras edicións.

O Presidente do  
Grupo Filatélico e Numismático Val do Rosal

Alfonso Dorado Senra

Ademáis do impulsor desta iniciativa, Alfonso Dorado Senra, houbo máis filatélicos que se quixeron unir a historia filatélico-cultural de O Rosal; entre eles: Manuel Martínez Martínez “O Obrero”, Isaac Penelas Carvajales, Miguel Martínez Pérez, Antonio Martínez Martínez e Antonio Otero Iglesias.



As reunións para debater sobre filatelia ou, sobre as exposicións filatélicas, facíanas na “Liga de Amigos” sita na Praza do Calvario de O Rosal.

Xa no 2006, rematadas as obras do edificio da **Fundación O Rosal** e sendo Presidente Rafael Vicente Fernández, este, cedoulles un local dentro da Fundación sita na rúa Xulio Sesto 64-3; cedido por un prazo de 10 anos e, novamente renovado por 5 anos máis.





O 25 de abril, por medio do Concello de O Rosal, este grupo de amigos solicitaron a Correos o cuño conmemorativo para a “I Exposición Filatélica da Feira do Viño de O Rosal”, como se mostra na imaxe. Esta solicitude foi concedida o 13 de xuño. Previo pago da confección do cuño e da Oficina temporal, o cuño foi estampado na sala de exposicións o primeiro día da mostra, o 23 de xullo de 1994.



Bosquexo do cuño conmemorativo da I Exposición Filatélica feito polo fillo de Alfonso Dorado Senra, Fonsi.




## I Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

A mostra presentouse no salón de exposicións do Concello de O Rosal e estivo aberta entre o 23 e o 25 de xullo de 1994, coincidindo coa “II Feira do Viño do Rosal e Mostra de Productos Típicos”. Nesta primeira exposición participaron 13 expositores nun total de 25 vitrinas.



Tarxeta da 1ª mostra filatélica.



Folleto co listado de expositores.

O motivo da imaxe deste primeiro cuño conmemorativo é, o escudo do Rosal acompañado dunha copa e botella de viño a un lado e un acio de uvas do outro, enmarcado polo dentado dun selo e ao redor o texto. O deseño do cuño foi obra do fillo de Alfonso Dorado Senra, Fonsi.

(Imaxe de Luis Dorado Senra)



A estampación do cuño oficial fixose o día 23 de xullo. A inauguración asistiron membros doutras sociedades filatélicas e público en xeral, tamén acudiron os membros da corporación municipal.

## II Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

Novamente, por medio do Concello de O Rosal, solicitouse un cuño para esta exposición. O carón móstrase a factura pola confección e envío do cuño.



Esta II Exposición Filatélica foi do 22 ao 25 de xullo de 1995, coincidindo coa “III Feira do Viño de O Rosal e Mostra de Produtos Típicos”.

OFICINA Y TALLERES:  
SANTA POLA, 4  
TELÉF. 348 20 41  
FAX 348 48 80  
28008 MADRID

SUMINISTROS CABALLERO, S. A.  
ESTAMPACIONES e TROQUELES  
GRABADOS Y SELLOS DE CAUCHO

CONCELLO DE O ROSAL  
(PONTEVEDRA)

REGISTRO DE FACTURAS  
Nº 441  
17 de Xullo de 1995

FACTURA n.º 117

Excmo. Ayuntamiento El Rosal: C.I.F. 3604800-G  
Plaza del Calvario, 1 (Pontevedra)

Cantidad	CONCEPTOS	Precios	Cts.
1	Por la confección y suministro de: Matasellos con la leyenda siguiente. II EXPO. FILATELICA-III FEIRA DO VIÑO DE O ROSAL E PRODUCTOS TÍPICOS 23 XULLO 1995 O ROSAL.....	11.900	
	BASE IMPONIBLE.....	11.900	
	Importe I.V.A. 16%.....	1.904	
	<b>IMPORTE TOTAL.....</b>	<b>13.804</b>	

Madrid, 22 de Junio de 1.995


Recibí

GRABADOR S.A.  
Santa Pola, 4 - Tel. 348 30 71  
28008 MADRID

Ruego mencione al  
NÚMERO de la FACTURA  
al envío de su importe

No reverso do sobre dedica unhas palabras o bodegueiro Santiago Ruiz que di:

### EL VINO DE EL ROSAL



Sobre da II Exposición Filatélica.

Maravilloso, como dicen, por tener la suerte de radicar en esta zona, en la que la naturaleza volcó toda su sabiduría para conjuntar con el microclima de esta orilla del Miño, las cepas que lo originan así como las levaduras, ese misterio, que “pululan” en su entorno y que lo ponen en la línea de los mejores de Europa. Si no conoces los verdaderos vinos de El Rosal, es posible que te sorprenda el primer trago, deja pasar un rato bebe el segundo, aspira su aroma y si ya te gusta, sigue con él. No te hará daño en ningún sentido. Bébelo fresquito, con pescados y mariscos.



## III Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”


Tarxeta da exposición.

De esquerda a dereita: Daniel Barreiro Ramos, Miguel Martínez Pérez, o Presidente do Grupo Filatélico Val de O Rosal, Alfonso Dorado Senra; o Xefe de Correos de O Rosal, Daniel Fornos Castro; Manuel Martínez Martínez e unha empregada da IV Feira do Viño de O Rosal e Mostra de Productos Típicos.



Do 3 ao 7 de abril de 1996, celebrouse a “III Exposición Filatélica Feira do Viño de O Rosal”. Contou con 11 expositores: de Vigo, Tui, A Guarda, O Rosal e, unha colección convidada de Fene. O cuño oficial foi o penúltimo día, o 7 de marzo.

O deseño do cuño foi obra de Ángel Pérez Álvarez.



## IV Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

No ano 1997, o cuño tiña que ser solicitado por medio dunha Sociedade Filatélica galega. Como no Rosal aínda non tiñan unha Sociedade consolidada, o cuño pediuse por medio da Sección Filatélica do Padroado Rosalía de Castro de Padrón. A mostra foi do 26 ao 30 de marzo, sendo o cuño oficial o día 27 de marzo.



A imaxe interior do cuño é dun bosquexo de Ángel Pérez Álvarez para o cartel da mostra e o texto do contorno foi de José Luis Lomba Vicente.



Tanto o Xefe de Correos de O Rosal, Daniel Fornos Castro, coma o Presidente do Grupo Filatélico Val de O Rosal, Alfonso Dorado Senra, están atentos a estampación que fai o Alcalde de O Rosal, José Luis Rodríguez Martínez no acto inaugural.




Petición do Presidente da Sección Filatélica Padroado Rosalía de Castro e de FEGASOFI, José Freijanes Domínguez, a Correos.

## V Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

Co Grupo Filatélico “Val de O Rosal” consolidado en outubro de 1997, este grupo de amigos seguen dándolle valor a filatelia na “VI Feira do Viño de O Rosal e Mostra de Productos Típicos”. Esta V Mostra Filatélica reuniu 13 coleccións filatélicas, 1 de loterofilia e 2 de numismática. Estivo aberta ao público dende o día 8 ata o 12 de abril de 1998. O cuño oficial foi estampado o día 10 de abril na sala de exposicións cun concurrido público.

Folleto co listado de expoitores.



A esquerda vemos a tarxeta que se fixo para a mostra filatélica. O cuño conmemorativo deseñouno o socio Ángel Pérez Álvarez.

10 de abril de 1998. Foi a inauguración oficial da V Exposición Filatélica. Na imaxe podemos ver a varios membros da directiva do Grupo Filatélico, socios e filatelistas expoitores desta mostra.

De dereita a esquerda: David Martínez Dorado, Anastasio Manuel Fuentes Gómez, Xefe de Correos de O Rosal, Daniel Fornos Castro; José Luis Rodríguez Martínez, alcalde de O Rosal; Manuel Martínez Martínez, Alfonso Dorado Senra e Miguel Martínez Pérez.

(Imaxe de Luis Dorado Senra)



## VI Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”



Co motivo do Ano Santo Xacobeo de 1999, o Grupo Filatélico “Val de O Rosal” organizou unha nova Mostra Filatélica con motivo deste acontecemento, sendo moitas das coleccións deste tema.

O cuño tamén tivo como protagonista a Santiago Apóstol cun acio de uvas na man. Deseño de Ángel Pérez Álvarez.

A exposición estivo aberta dende o 31 de marzo ata o 3 de abril. O 2 de abril fíxose o estampado oficial do cuño sendo o Alcalde de O Rosal, José Luís Rodríguez Martínez, o encargado da estampación inaugural.



No sobre da exposición aparece tamén o cartel da mostra da VII Feira do Viño do Rosal e Mostra dos Productos Típicos.

De esquerda a dereita: Javier Dorna Vicente, Manuel Martínez Martínez, Manuel Álvarez Alonso, alcalde de o Rosal, José Luis Rodríguez Martínez; Daniel Fornos Castro, Xefe de Correos de O Rosal; Alfonso Dorado Senra, Presidente do Grupo Filatélico Val de O Rosal e Marta Verde Rodríguez no acto inaugural.



## VII Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

No cuño desta VII Mostra Filatélica que realiza o Grupo Filatélico Val do Rosal, fai honra a “VIII Feira do Viño e Productos Típicos” xa que, na imaxe do cuño pódese ver un acio de uvas, un tomate, os famosos mirabeis do Rosal, unha botella de viño coa súa copa e, como non, unha rosa.



O cuño estampouse o segundo día de exposición, o 22 de xullo; a mostra estivo aberta ao público entre os días 21 e 23 de xullo do ano 2000. Deseño do cuño de Ángel Pérez Álvarez.

Sobre da exposición filatélica.

## VIII Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

Esta VIII Exposición Filatélica foi adicada o viticultor galego, Santiago Ruiz. Púdose visitar do 20 ao 22 de xullo do 2001. A mostra contou con 13 expositores. Novamente o deseño do cuño é de Ángel Pérez Álvarez.



Un fragmento de texto do reverso do sobre di:

### SANTIAGO RUIZ

Un galego inqueda e inconformista, Santiago Ruiz, segue a renunciar ó acougo para dedicarse con paixón a súa labor vital. Defínese como un autodidacta e por mor do seu espírito creativo e dunha enorme imaxinación, chegou moi pronto a consagrarse como mestre viticultor. Como autor, non só é quen mellor coñece a súa obra, senón quen mellor a representou e espallou coa sinxeleza e afabilidade que lle caracteriza. Santiago Ruiz o máis sobranceiro adegueiro da Denominación de Orixe Rías Baixas.




O día 21 de xullo, durante a VIII Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”, o filatelista vigués, Manuel Lago Martínez, ofreceu unhas palabras sobre o seu gran amigo Santiago Ruiz. Ó acto asistiron familiares do homenaxeado, así como amigos, bodegueiros e, por suposto, filatelistas.

(Imaxe de Luis Dorado Senra)

## IX Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

O cuño desta nova mostra filatélica foi estampado no acto inaugural da X Feira do Viño do Rosal e Mostra dos Productos Típicos e IX Exposición Filatélica, o 19 de xullo do 2002, organizada polo Grupo Filatélico Val do Rosal, cerrando a mostra o día 21 de xullo.



No reverso do sobre di:

O CLIMA DO ROSAL, A SÚA FEIRA E OS SEUS PRODUCTOS  
 A xenerosa natureza, cas influencias do Miño e o noso mar Atlántico, orixina un microclima no val do Rosal que, co seu misterio e a adaptación das novas tecnoloxías, ninguén pode deixar de agradecer cando bebe un vaso de viño do Rosal. Ó probalo notaremos un viño alegre, cordial coma os agricultores que o coidan. Con cariño e cooperación xúntanse nas súas festas para esquecer as dificultades e gozar dun sabor que anima na acollida.

Samuel Estévez Martínez



## X Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

No interior do folleto da exposición, o secretario do Grupo Filatélico Val de O Rosal, Isaac Penela Carvajales di:

Cando en 1994 comenzamos a preparar a “I Exposición Filatélica” paralelamente a “II Feira do Viño de O Rosal”, non tiñamos en mente que hoxe, 10 anos despois, estaríamos a presentar xa esta X Exposición, tamén coma daquela, con moito entusiasmo e poucos medios, pero tamén con máis experiencia.

Nestes anos foron moitos e importantes os coleccionistas que, cos seus paneis cheos de selos e sobres mataselados, achegáronnos máis o maravilloso mundo da Filatelia, contagiando con eles a novos afeccionados a xuntar e seleccionar selos. Dende o ano 1997, os coleccionistas rosaleiros estamos asociados no Grupo Filatélico e Numismático “Val do Rosal”, que entre outras cousas, xestiona ante a Dirección General de Correos, a concesión dos sucesivos mataselos conmemorativos.


Estas actividades lúdico-culturales son posibles gracias a laboura de moitas persoas e institucións, as que agradecemos o seu traballo e dedicación nestes anos.

A todas elas, xunto cos demais asistentes a “XI Feira do Viño do Rosal” queremos convidalas a visitar e participar na **X Exposición Filatélica**.



Sobre da exposición.

Esta X Exposición Filatélica estivo aberta dende o 18 ata o 20 de xullo do 2003. Na mostra expuxeron 12 coleccións de filatelia, 1 de notofilia e 1 de numismática; todas elas de distintos puntos de Galicia: A Coruña; Ourense; A Guarda; Vigo e incluso do país veciño, Portugal, concretamente de Monção.



## XI Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

A Exposición Filatélica púdoase visitar do 16 ao 18 de xullo de 2004.

Reverso do sobre, Xoán Martínez Tamuxe escribe:

### A VIEIRA DA FONTE DA PRAZA

...E aínda que sexa a modo de curiosidade neste cuño da XI Mostra Filatélica, non deixamos de lembrar que integrando a “Fonte da Praza do Calvario” (capitalidade) atópase – probablemente – a vieira máis grande de todo o Baixo Miño, símbolo inconfundible de antiga e moderna devoción dos peregrinos. O mesmo tempo dito emblema decora tamén a nosa monumental fonte pública a que no seu punto converxente do estriado é portadora dun benéfico grifo de refrescante auga ó alcance de calquera sedento visitante ou cansado viandante. Cuncha labrada en granito galego, de case 2 metros de envergadura que, no seu conxunto, semella e decora, coroa e da que mana, en grandes e simuladas ánforas, aquel prezado líquido.

Esta monumental fonte, coidamos, foi realizada baixo un deseño do arquitecto D. Enrique Álvarez Sala y Moris, cumple agora seu L Aniversario (1954-2004). Por tal razón esta Asociación Filatélica Val do Rosal non quere neste Ano Jubilar deixar pasar tan significativa data sen conmemorar o histórico evento.



## XII Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

A mostra foi do 15 ao 17 de xullo do 2005 no salón de exposicións do Concello de O Rosal.



O cuño desta XII Exposición Filatélica de O Rosal, é a coñecida “Casa dos Barriles” sita en Tabacón. Típica “Casa de Indianos” do Baixo Miño, a arquitectura desta é de inspiración brasileira. A centenaria casa é de 1905 e o remate do portal con dous barrís e símbolo dunha casa acaudalada e poida que importante no sector vinícola.



Organizadores da mostra filatélica. De esquerda a dereita: Manuel Álvarez Alonso, Antonio Otero Iglesias, Javier Dorna Vicente, traballadora da XIII Feira do Viño de O Rosal e Mostra de Productos Típicos, Manuel Martínez Martínez e o Presidente do Grupo Filatélico Val de O Rosal, Alfonso Dorado Senra.

A mostra Filatélica tamén contou coa colección de vitolas de Manuel Álvarez Alonso, como vemos na imaxe, acompañado dos compañeiros Javier Dorna Vicente, Alfonso Dorado Senra, Manuel Martínez Martínez e Antonio Otero Iglesias.



## XIII Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

Esta exposición filatélica, xa a XIII mostra, dedicada o viño de O Rosal estivo aberta dende o 14 ata o 16 de xullo de 2006 no salón de exposicións do concello de O Rosal.



Sobre da mostra filatélica do 2006.

Folleto co listado de expositores.



Esta mostra contou, por primeira vez, cunha recopilación nunca vitrina dos cuños conmemorativos do Grupo Filatélico Numismático Val de O Rosal. Ademais houvo 12 expositores filatélicos, un de notafilia e un de numismática.



Cuño sinxelo e significativo da Feira do Viño de O Rosal, un acio de uvas con unha folla. O deseño foi obra de Ángel Pérez Álvarez.

## XIV Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

Manuel Álvarez Rivero, coñecido como Manuel da Ventosela. Naceu en Novás, O Rosal, un 29 de marzo de 1907 e finou tamén no Rosal o 7 de novembro de 1944. Publicou poemas e relatos no Heraldo Guardés, El pueblo Gallego, Vida Gallega, Nuevo Heraldo e Alma Gallega. En 1932 publicou o poemario Lágrimas del corazón.



O deseño do cuño conmemorativo de Manuel da Ventosela foi obra do socio Ángel Pérez Álvarez. Este ano, por primeira vez, emiten un selo personalizado do poeta rosaleiro.



O Grupo Filatélico Numismático Val de O Rosal non quixo pasar a oportunidade de unirse a conmemoración do I Centenario do nacemento do poeta rosaleiro Manuel da Ventosela, homenaxeándoo cun cuño conmemorativo e un selo personalizado.

Como curiosidade decir que, o Grupo Filatélico Val de O Rosal veñen celebrando as súas exposicións filatélicas no salón de exposicións do concello; como o edificio do concello estaba en obras non puideron facer unha mostra coma a de todos os anos, só expuxeron a vitrina con todos os cuños ata o de agora nos soportais do edificio. Ahí mesmo, o día 13 de xullo do 2007, foi o estampado inaugural do cuño.

(Imaxe de Luis Dorado Senra)



Cuño inaugural por parte Alfredo Suárez Canal, Conselleiro de Medio Ambiente; acompañado de Celia, responsable de Correos; Alfonso Dorado, Presidente do Grupo Filatélico “Val de O Rosal” e o socio Miguel Martínez.

## XV Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

A exposición estivo aberta dende o 18 ata o 20 de xullo do 2008 na sala de exposicións do concello de O Rosal. O cuño foi obra de Ángel Pérez Álvarez.



A XVI Feira do Viño do Rosal, anúnciase este ano cun sinxelo, fermoso e elocuente cartel. O Grupo Filatélico e Numismático “Val do Rosal”, celebra, tamén, a súa XV exposición. O Motivo da súa tarxeta e selo deste ano, recolle un bonito e curioso detalle dun neno, asociado a un acio de uvas. Está inspirado nunca das columnas salomónicas do artístico retábulo do altar maior da igrexa parroquial da Vila. Altar, obra de taller portugués e finamente dourado en 1729 polo artista tudense Ignacio A. de Lara e os guardese, irmáns, Juan e Francisco Rolán de Santa Cruz.

Texto do reverso do sobre conmemorativo da exposición escrito por Xoán M. Tamuxe.



## XVI Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

A exposición Filatélica estivo aberta ao público dende o 17 ata o 19 de xullo do 2009 noutro salón do concello.



Cartel anunciador da XVII Feira do Viño de O Rosal e que figura cos sobres da mostra filatélica de este ano.




O cuño representa o mapa de O Rosal, nel aparece a localización xeográfica do centro da Vila (debaixo da copa), a copa representa a Feira do Viño de O Rosal co antigo escudo a dereita e a Denominación Rías Baixas na parte inferior esquerda; coa fecha de emisión deste cuño conmemorativo e texto da feira e exposición. Obra de Ángel Pérez.



Na tarxeta ilustrada da XVI Exposición Filatélica aparece o mapa de O Rosal coa indicación da situación xeográfica dos barrios e parroquias da Vila e a situación de todas as adegas existentes na actualidade.

Un ano máis, coincidindo coa Feira do Viño do Rosal, podemos ver a Exposición Filatélica que se realiza no mes de xullo; este ano 2010, do 16 ao 18.

## XVII Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”



Cruceiro de Portecelo (1951), situado no Concello do Rosal, a beira da estrada da Guarda a Bóveda, na ruta do Camiño Portugués pola Costa. Na cara nordeste mostra a imaxe da Virxe Peregrina co Neno.

A oficial aprobación e recoñecemento do Camiño Portugués pola Costa, foi tido en conta polo Grupo Filatélico e Numismático “Val de O Rosal” nesta XVII exposición. Así o presente cuño de correos, nesta edición, mostra un expresivo motivo xacobeo.

Este Camiño corre, en boa parte, pola denominada calzada romana “Per loca marítima”. O motivo religioso recóllese no Cruceiro de Portecelo, anexo de Sanxián. No reverso do mesmo figura e contéplase unha expresiva estampa mariana: a Virxe Peregrina.

Pois a devoción de Santiago é antiga no noso municipio. Amén da vella tradición de que tanto en Tui como no Rosal o Apóstolo e os seus discípulos predicaron o Evanxeo, temos tamén constancia histórica de que no século XII no noso concello, lugar de Sandián, existiu unha capela dedicada a “Sanctus Jacobus”.



Por tal razón, tampouco dubidaron os nosos munícipes cando, O Rosal, se constitúe en concello independente en 1847, en tomar a Santiago e a Virxe do Pilar como os seus protectores, e así figuran no brasón municipal.

Texto do reverso do sobre conmemorativo desta exposición escrito polo historiador Xoán Martínez Tamuxe.



## XVIII Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

A Mostra Filatélica estivo aberta ao público dende o día 15 ata o 17 de xullo de 2011.

Contou con 18 coleccións filatélicas, unha de lotofilia e unha de numismática.

A tarxeta co selo personalizado da exposición foi unha imaxe do lagar e prensa de 1772 que está no Parque da Soberbia.



Atópase este monumento etnográfico-vinícola, no parque da Soberbia, na entrada da nosa vila.

Ata a Mostra Filatélica acercáronse o Alcalde de O Rosal, Presidente da Deputación de Pontevedra e o Conselleiro de Presidencia da Xunta de Galicia que estiveron atentos as explicacións de Ramón Rodríguez Rodríguez, Xefe de Correos de O Rosal e do Presidente do Grupo Filatélico “Val do Rosal”, Alfonso Dorado Senra.



O Grupo Filatélico e Numismático “Val de O Rosal”, na exposición deste ano 2011, mostra no cuño un símbolo altamente expresivo da nosa vila, como zona vitivinícola: un lagar.

Trátase pois, dun lagar de viño, valiosa peza etnográfica. Pertenceu a casa da distinguida familia Reguenga, dedicada tanto ao comercio como á agricultura.

Dito artefacto, de bo tamaño e excelente cantería, ten gravada a data de 1772. Atópase en orixe, na ADEGA dos baixos dese pazo rural, réplica dun palacete do Brasil.

Este edificio, monumento senlleiro de arquitectura civil, de 1781, mostra unha fermosa balconada, sobre arcadas de estilo carpanel e que se ubica na mesma Praza do Calvario, constituindo hoxe a Casa Consistorial do Concello do Rosal.

Texto do reverso do sobre conmemorativo desta exposición escrito polo historiador Xoán Martínez Tamuxe.

## XIX Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”



Imaxe de M<sup>a</sup> Elisa Abad Suárez

Na inauguración oficial da Mostra, o 13 de xullo, estiveron membros de distintas sociedades filatélicas, como podemos ver na imaxe: Antonio Martínez, Manuel Martínez, Tere Castro, Luciano Lomba, Marcelino Portela, J. Ángel Gándara, Marta Verde, M<sup>a</sup> Elisa Abad, Javier Ejea, Alfonso Dorado e José Ángel Rozados Gómez. Esta exposición durou ata o día 15 de xullo do 2012.

Tarxeta, cuño e selo personalizado do novo escudo.



Breve descripción do novo escudo de O Rosal escrito no reverso do sobre conmemorativo e no frontal da tarxeta desta XIX Mostra Filatélica:

En campo de sinople, unha ponte de prata de tres arcos, mazonada de sabre, sobre ondas de prata e azur, sumada dun cruceiro diminuído de prata, surmontado dun acio de uvas de ouro e franqueado por dúas follas de vide. Bordura de prata cargada de catro rosas heráldicas de gules ao natural. Ao timbre, coroa real pechada.

## XX Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”



Fotografías familiares de filatélicos amigos e expositores: Alfonso Dorado, Manuel Álvarez, Javier Dorna, Miguel Martínez, J. Ángel Gándara, Marta Verde, Manuel Martínez e Luciano Lomba.

Na imaxe da dereita os filatelistas: Miguel Martínez, M<sup>a</sup> Elisa Abad, Marta Verde, J. Ángel Gándara, Constante Valladares, Alfonso Dorado, Antonio Martínez e Ramón Rodríguez.




Esta XX Exposición Filatélica que realiza o Grupo Filatélico e Numismático “Val de O Rosal”, está dedicada, non podía pasar de longo este acontecemento, aos 25 anos da Denominación de Orixe Rías Baixas.

A Mostra estivo aberta dende o 19 ata o 21 de xullo do 2013.




Sobre e cuño conmemorativo da Mostra Filatélica. A imaxe do selo personalizado é o Pazo de Mu-  
gartegui, sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas.



Cartel da XXI Exposición Filatélica

## XXI Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”




Esta Exposición Filatélica, que durará dende o 18 ata o 20 de xullo do 2014, terá como protagonista no seu cuño conmemorativo o viticultor o “Cuncho”.

Xoán Martínez Tamuxe deixa escrito no reverso do sobre conmemorativo uns apuntes biográficos deste persoaxe:

Fai agora 70 anos, na Feria Agrícola de Pontevedra de 1944, D. José Mª Alonso Francisco “Cuncho” (San Miguel-O Rosal, 1888-1980), recibía o Primer Premio de Vinos de El Rosal, outorgado a un viño da súa propia colleita. Poida que estes fosen os inicios da longa carreira de recoñecementos acadados ata hoxe polos viños desta zona.

D. José Mª “Cuncho”, era alcalde de O Rosal o 18 de xullo de 1936, o que lle ocasionou vivir tempos difíciles, de persecución, xuízo e cárcere, ata que foi absolto en 1940. De volta de novo en San Miguel, foi un entusiasta e decidido introductor de novas variedades e melloras técnicas na agricultura, xunto con D. José Sánchez García, no que colabora na constitución da “Hermandad de Labradores y Ganaderos” en 1944.

Preocupouse por fomentar a plantación de arboredo en montes e áreas públicas, como a do muelle de San Miguel, que hoxe leva o seu nome de Alameda de D. José Mª Alonso “Cuncho”, por iniciativa de seus veciños, que o recordan sempre afable colaborador e asesor en múltiples temas ou como cultivador e agrimensor.



Tarxeta da Mostra co selo personalizado dedicada a este viticultor rosaleiro, “Cuncho”.

## XXII Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”



O estampado inaugural do cuño conmemorativo da XXII Exposición Filatélica Feira do Viño de O Rosal, fíxoa o expositor infantil e que tamén expuso nesta mostra, Francisco Alonso Dorado.

Na imaxe podemos ver a Directora de Turismo de Galicia, Nava Castro; o Alcalde de O Rosal, Jesús M<sup>a</sup> Portela; o expositor xuvenil, Francisco Alonso e o Director da oficina de Correos de O Rosal, Ramón Rodríguez.



A inauguración tivo gran afluencia de público. Este traxín de visitantes percorreron a exposición todos os días da mostra, do 17 ao 19 de xullo do 2015.

Ata a inauguración, acercáronse amigos filatelistas para arroupar os membros do Grupo Filatélico e Numismático “Val de O Rosal” nesta XXII Mostra.

Como podemos ver, na tarxeta da mostra filatélica de este ano, o motivo do cuño e do selo personalizado é un barril de viño de madeira, tan esencial na viticultura tradicional da zona.



De esquerda a dereita: Marta Verde, Francisco Alonso, Sofía Alonso, M<sup>a</sup> Elisa Abad, Lina, José Barros, César Martínez, Antonio Martínez, Ramón Rodríguez, Alfonso Dorado, Javier Dorna, Manuel Martínez, Pilar Gallego e Luciano Lomba.

Tarxeta máxima: tarxeta, selo e cuño co mesmo tema en común. Para esta ocasión o Grupo Filatélico fixo un selo personalizado.

## XXIII Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”




O día 21 de abril de 1966, publicouse o decreto do acordo de poñer en marcha a Concentración Parcelaria, no concello de O Rosal. O noso Grupo Filatélico quere lembrar este 50 Aniversario, con un cuño conmemorativo.

A Concentración Parcelaria, supuxo un antes e un despois do desenrolo do noso rural. Permitiu explotacións agrarias máis dimensionadas e unha mellor comunicación

Despois de varios anos de traballos (preparación de pistas, regadíos, etc), o 24 de xuño de 1969, empezáronse a entregar as primeiras parcelas, acabando os tódos no ano 1973.

O Rosal, debido a Concentración Parcelaria convírtiese nunca zona agrícola moi apreciada pola súa horta, flores e viños.



Emitiuse un selo personalizado para esta Mostra coa imaxe dos viñedos de Lagar de Cervera en O Rosal.

Xoán Martínez Tamuxe



Como ben dice Xoán Martínez Tamuxe, O Grupo Filatélico e Numismático “Val de O Rosal”, quere unirse a este gran acontecemento para o concello de O Rosal. No cuño conmemorativo, deseño de Ángel Pérez, aparece o mapa de O Rosal, no interior di: “1966-2016 50 anos do Decreto de aprobación da CONCENTRACIÓN PARCELARIA de O ROSAL”. A exposición foi do 15 ao 17 de xullo de 2016, no salón de exposicións do concello.



## XXIV Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

A Mostra acercáronse amigos de Ourense, Vigo, A Guarda e do Rosal.

XXV Feira do Viño de O Rosal e Mostra de Productos Típicos e XXIV Exposición Filatélica. Foron do 14 ao 16 de xullo de 2017.

Entre eles os que aparecen na imaxe: M<sup>a</sup> Elisa Abad, Pilar Gallego, José Barros, Sofía Alonso, Lina, Miguel Martínez, Marta Verde, Valentín Suárez, Constante Valladares, M<sup>a</sup> José Uris, Francisco Alonso, Marcelino Portela, Isabel Pacheco, Alfonso Dorado, Luciano Lomba e Antonio Martínez.





Este ano 2017, o Grupo Filatélico e Numismático “Val de O Rosal”, comeza unha serie de selos e cuños onde se representan as variedades de uva que compoñen o noso afamado viño do Rosal.

Comezamos coa máis coñecida: ALBARIÑO.

O Albariño está considerada como unha variedade nobre internacionalmente. O acio é inconfundible: gran pequeno e doce, polpa con zume cor verde amarelo.

Texto do sobre.



Co Albariño, presente en toda a Denominación de Orixe Rías Baixas, fanse viños monovarietales e tamén multivarietales, como é o caso de O Rosal.

Sobre da Mostra Filatélica co cuño conmemorativo obra de Ángel Pérez e selo personalizado cun acio de uvas Albariñas.

## XXV Exposición Filatélica “Feira do Viño de O Rosal”

Esta é a “25 Exposición Filatélica” que se celebra ao mesmo tempo coa “Feira do Viño de O Rosal e Mostra de Productos Típicos”. Seguindo coa serie, que comezou o ano pasado, das variedades de uvas brancas da Denominación de Orixe Rías Baixas; este ano a protagonista é a *Loureira*. A mostra será do 13 ao 15 de xullo do 2018. O cuño foi realizado polo socio Ángel Pérez Álvarez.



A uva Loureira é unha variedade de elevado rendemento. Gran pequeno, redondo e cor verde-amarelado. O seu acio alongado e a súa pel grosa fan que esta variedade sexan moi tardía na súa madurez.

O elevado rendemento fai que a uva Loureira dé lugar a viños de pouco grao alcohólico, pero resulta que é unha uva de elevada acidez e compénsao. Ademais esta acidez unida á presenza de gas carbónico dálle moita frescura ao viño, polo que esta variedade é utilizada en moitas ocasións para engadir complexidade e redondear viños nos que tamén están presentes outras variedades. Por iso utilízase na elaboración dos viños verdes en Portugal, pola achega de complexidade en aromas. Os aromas viran en moitas ocasións cara a notas herbáceas en xeral, garantindo elegancia e autenticidade ao viño.

Os viños en xeral, producen viños perfumados, saborosos, ácidos, de cor amarela pálido. O seu aroma lembra a Laurel. Tamén se utiliza para a elaboración de viños albariños que non sexan monovarietales.



## LEMRANDO A ...

Nesta 25 Exposición Filatélica, non podemos esquecernos dos que xa non poden disfrutar con nós desta Feira do Viño de O Rosal. Estes catro socios, en algunha ocasión e noutras tantas en moitas, foron pilares fundamentais para realizar as Mostras Filatélicas de O Rosal.

### Antonio Otero Iglesias



O noso bo amigo Antonio Otero, que entre os filatelistas coñecíámolo como “O Belga”.

Antonio, como todos os anos, veu a pasar as vacacións ao seu pobo, O Rosal. Recén chegado, achegouse á Feira do Viño, en concreto, ao Salón de Actos do Concello para ver o que se expuña. A súa gran sorpresa foi atoparse coa primeira exposición filatélica da Feira do Viño do Rosal. Achegouse á mesa onde estaba o material filatélico, apoiouse na mesa e dixo: *disto tamén teño eu!!!*. Despois de ver todo o que había alí exposto comentou: *se isto séguese facendo contar comigo*.

Xa na II Exposición contouse con el e así, ata o 2006 que nos deixou. Normalmente expuña Flores que lle encantaba o tema e das que estaba sempre atento ás novas emisións.

Todos lembraremos as tuas conversas amenas e apaixonadas sobre os teus selos.

### Florindo Álvarez Martínez

Dende moi novo sentiu afección polo debuxo e a pintura, e pasou máis tarde pola Escola de Arte en Madrid, da que saíu co número un na promoción 1968-69, en composición e debuxo. (Pedras e paisaxes de O Rosal).

A Florindo gustáballe debuxar paisaxes e rincóns do Baixo Miño. Cando regresou de Madrid, entrou a traballar na Imprenta Guardesa como tipógrafo; encargándose de deseñar os carteis e publicidade para as festas o lado de Antonio Martínez.

Como filatelista: foi socio da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa e, cando se fundou o Grupo Filatélico Val de O Rosal, fíxose socio aínda que, polo seu estado físico, nunca veu a ningunha exposición pero tiña interese por ter todos os cuños conmemorativos das mostras filatélicas da Feira do Viño.



Autorretrato. Imaxe do libro “Pedras e paisaxes de O Rosal” da súa autoría.

## Manuel Martínez Martínez “O Obrero”



Manuel e Fran na XXI Exposición Filatélica da Feira do Viño do Rosal, no 2014.

Manuel sempre estivo ao tanto das exposicións filatélicas da Feira do Viño ata os últimos días da súa vida. Foi un coleccionista que lle gustaba ter un pouco de todo: lotaría Nacional, cupóns do ONCE e como non, moedas, selos e billetes do Banco de España, desde os máis antigos ata os de Euro e... foi así como coñecémolo, con esta variedade de coleccionismo.

Manuel desde moi novo foise a traballar a Valladolid, como a gran maioría dos veciños de Tabagón. En terras castelás, fíxose socio de Grupo Filatélico de Valladolid, onde expuxo Loterofilia en 1980 e en 1981 en Zamora.

No 2017, tristemente, apagouse esa enerxía e carisma que tiña.



Fragmento do sobre da Exposición de Valladolid de 1980 e sobre da Exposición Loterofilatélica de Zamora do 81.

## Antonio Cividanes Gómez

Toñito, como se coñecía, sempre estivo vinculado o Grupo Filatélico “Val de O Rosal”. Expuxo varias veces, como podemos ver nas listas de expoitores. Desde a súa xubilación, era un home que difícilmente o atopabas na rúa e, para moitos pasou desapercibido, por iso no momento de convidalo para expor... *vaia, nadie falou con Toñito e a lista xa está feita!!!!* Sempre hai despistes.

Falecía a primeiros de este ano.



## “O Correo en O Rosal”. Aproximación histórica



O CORREO NA NOSA VILA DE O ROSAL. APROXIMACIÓN HISTÓRICA (I)

Antes de entrar en materia e abordar a *Historia do Correo, oficina e carteiros*, en todo o noso concello e vila, facemos estas anotacións. E isto para unha maior comprensión.

A verba “correo” ten a súa orixe no latín. Procede, pois, do verbo: *curro, is, currere...*, co significado de “correr”, “recorrer” e ata “voar”. Trátase dun antiquísimo servizo na sociedade que o atopamos xa en Exipto, Grecia ou Roma. Aportamos algunhas definicións, tan só para refrescar a memoria.

**CORREO** (Correos): edificio (con oficina), sitio ou lugar onde se recibe e se dá a correspondencia; así mesmo con buzón, onde se deposita a correspondencia.

**CORREO** tamén indica: “persoa que ten por oficio levar avisos, cartas, etc, dun lugar a outro” (Diccionario Xerais de Galicia).

**CARTEIRO**: “funcionario do servizo de correos que reparte as cartas a domicilio”. (Dic.X.G.)

**PEATÓN** (Peón). Sen dúbida que a primeira acepción (do latín *pedes, itis*) é significando: “quen vai a pé”. Pero no noso caso, refírese a: “quen ten o oficio de repartir (ou do reparto) da correspondencia a pé”.



Pois, así foi como naceu o “correo” na antigüidade, con esa misión exercida primeiramente a pé, a cabalo, en carros... o exército, barqueiros, traficantes, monxes, peregrinos, etc. Todos levando diferentes mensaxes e sempre coa intención de que fora “comunicación o máis rápida posible”. Non esquezamos que “correo” vén, como se dixo, de “cúrrere”: correr.

**Na nosa vila e en todo o territorio rosaleiro ata 1846 formaba parte como parroquias (Santa Mariña, Eiras, Tabagón, San Miguel e San Xoán) do concello da vila da Guarda. O servizo de correo dependía da oficina daquela vila. Só despois do 21 de outubro de 1847 e coa emancipación de O Rosal, esta comeza a ter, a facer Historia.**

**E, polo tanto, a contar con ese importantísimo servizo de CORREO, así como os modernos telégrafo e teléfono, que tamén iremos estudando noutras colaboracións en *Noticias O Rosal*.**

**Só nestes comentarios, bastantes e moi probables, a falta doutra documentación, podemos afirmar que coñecemos importantes “referencias” de contar con algún tipo de CORREO na nosa vila e aínda en todo o territorio municipal.**

**O noso concello de O Rosal emite e recibe correspondencia, cando menos, xa en 1849. Como vemos, dous anos despois da desmembración do concello da Guarda. Así se demostrana nas ilustracións que aportamos.**



Como podemos observar, unha carta que por Tui chegaría á cartería do Rosal, para entregarse ao señor cura da parroquia de San Xoán de Tabagón.

Tamén nos consta que nun principio a correspondencia para o noso concello chegaba á Guarda e había que ir a recollela. Pois, cóntase que, tempo atrás, un peón-carreiro ía cada equis días á Vila a recoller dito correo para tralo a O Rosal. Outros chegaron a recollelo en cabalo, e algún chegou a facelo en bicicleta.

Ata casi finais do século XIX o fardelo da prensa, sí como as cartas ou outros encargos e entregas, viñan dirixidas ás poboacións máis importantes, máis coñecidas. Isto, como se a nosa vila non tivese entidade ou como descoñecida. Por tal razón, así figuraban Tui ou A Guarda; todo antes de que se nomease O Rosal (non se citaba). E si, por exemplo, nas direccións de calquera envío, aparecía o correspondente nome para quen ía o paquete ou a carta, en canto ao lugar do seu destino só aparecía San Miguel, xa Tabagón, xa Pías, para O Rosal, non.

**Tal é o exemplo que presentamos, como documento ilustrativo: “La Guardia. San Miguel de Tabagón en Pías”.** Acontecía isto no ano 1854 e aínda despois. Documento este, unha carta, que figurou na Exposición Filatélica en O Rosal de 1994, do participante nela, Francisco Martínez Arzúa, mestre, natural da nosa vila.

XOÁN MARTÍNEZ TAMUXE

## O Correo en O Rosal (2ª parte). As carterías



Situación da primeira sede da Cartería (Correos) da vila.

### CORREOS. CARTERÍA E A SÚA UBICACIÓN

A Cartería, cunha rudimentaria oficina, tiña tres obxectivos, como mínimo. Primeiramente, supón a recollida (no correspondente buzón) con cartas. En segundo lugar, máxime, a correspondencia que alí se entrega e dirixida a calquera **punto do planeta... levaría o mataloselos da súa cartería, dese lugar, de onde saíu.**



O terceiro requisito, que nun principio parece era de ritual (obrigado) e que últimamente coído non se estila, era que, ao chegar a correspondencia procedente doutras carterías, zonas, pobos, a Cartería receptora, selaba a carta que chega, no lado posterior, isto é, na parte do remite.



Parte da construción primitiva da verosímil primeira cartería, desaparecida sobre 1945.



En fin, que CORREOS daba así testemuño de que esa carta chegara, cando menos, á cartería receptora. E esta sería a que pasaba a distribuir dita correspondencia a quen ía dirixida. Aportamos un exemplo do ano 1937.



Nesta segunda colaboración en Noticias O Rosal sobre a [“Historia do Correo na nosa Vila”](#) ofrecemos información referente á situación dunha cartería (Correos) na Praza do Calvario. Porque a fotografía naquel intre era algo raro, extra, se nos ofrece un gravado –apunte- do ano 1882.

**Trátase dun sencillo “croquis” que aparece na revista *La Ilustración Gallega y Asturiana*, tomo IV, páx. 175, (Madrid, 1882). Dito apunte é do colaborador gráfico da referida revista, D. Gabriel Serafín Salgado de Guevara, médico santiagués, veciño da nosa vila\*.**

Na páxina 177, faise este pequeno comentario (despois de falar da igrexa e do concello): **“No lejos (de la iglesia) y formando ángulo hállase la Casa-correo, no muy monumental ni grandiosa, pero que bastaría a las necesidades del pueblo, aunque al Gobierno y la Diputación dieren una extensión que tardarán mucho en dar a tan importante servicio”.**

O edificio da Casa-Correo, como é doado coñecer a súa localización, atopábase ao norte da Praza do Calvario, entre a Farmacia de D. Isaac García (hoxe Tenda Paquín) e o monumento ao Cabaqueiro. Esta verosímil localización sería a primeira sede da Cartería de O Rosal. Disto fai agora 136 anos.

A seguinte situación, isto é, a **“segunda sede” de Correos**, foi no edificio unido á Casa do Concello, lado dereito, onde estivo ata fai pouco, o Correo e o Teléfono (hoxe, a **Oficina de Información Xuvenil-OMIX**).



Segunda sede de Correos

Desta situación (traslado da primeira a esta segunda sede, o semanario republicano de esquerdas, *Tribuna*, que se publicaba en Tui, sendo seu director e propietario o guardés Guillermo Vicente Santiago, escribía: **“OBRAS**. Esta semana comenzaron las obras del edificio donde estaba instalado el difunto Casino del Calvario (lembramos nós, fundado polo conservador **José Sánchez García**), que según noticias será destinado a escuela, juzgado y Correos”. (Tribuna, nº 68, 15 de xullo de 1934).





A terceira sede, sitúase, por pouco tempo, na rúa Ramón Franco, nº 9. O actual emprazamento da Cartería-Correos, segundo os poucos datos, vén sendo o cuarto lugar-sede. Atópase, como sabemos, no moderno edificio da DEVEA, entre o lugar da Feira e a Cruz de Ferro, á dereita, en dirección a Fornelos.

Terceira sede de Correos

Cuarta e actual sede de Correos en O Rosal



Sobre outras particularidades do noso Correo, tanto na Ribeira como nalgunha xuradía e Burgueira, xa falaremos noutra ocasión.

**\*D. Gabriel Serafín**, membro da Masonería Rosaleña *Los Siete Hermanos*, era “venerable maestro”. Finou o 9 de xaneiro de 1901.

XOÁN MARTÍNEZ TAMUXE

## RELACIÓN DE EXPOSITORES

*Cuños Conmemorativos da Feira do Viño de O Rosal 1994-2017*

- M<sup>a</sup> Elisa Abad Suárez (Ourense) ..... *Galicia y sus vinos*
- Daniel Rodríguez Novoa (Ourense) ..... *Viajando por Europa*
- M<sup>a</sup> Elisa Abad Suárez (Ourense) ..... *Seitureiros Galegos*
- José Arturo Fernández Araujo (Ourense) ..... *O Horreo*
- Sociedad Filatélica Miño (Ourense) ..... *Cruceiros*
- Jorge Martínez Baz (A Guarda) ..... *Tema Europa*
- Marta Verde Rodríguez (A Guarda) ..... *Dende A Guarda para o mundo.*  
*Marcofilia da oficina postal de A Guarda.*
- Luciano Lomba Vicente (A Guarda) ..... *Cuños Conmemorativos de*  
*Salvaterra de Miño.*
- Almudena Taboada Lago (A Guarda) ..... *Emisiones Locales en la*  
*Guerra Civil (Bando Nacional)*
- Marcelino Portela Lorenzo (A Guarda) ..... *Entretenimientos.*
- José Martínez Clonet (Tui) ..... *Rey Felipe VI.*
- Carlos Moroño Rebellado (Tui) ..... *Composiciones Filatélicas.*
- Carlos Pérez-Fonterosa (Tui) ..... *Camino Portugués de Santiago.*
- Pedro Luis Merchen Fernández (Madrid) ..... *Franquígrafos de Hospitales de*  
*España.*
- Miguel Martínez Pérez (O Rosal) ..... *Faros y otras ayudas a la*  
*Navegación.*
- Antonio Martínez Martínez (O Rosal) ..... *Personajes para un Sello.*
- Alfonso Dorado Senra (O Rosal) ..... *La camelia en las Rías Baixas.*
- Alfonso Dorado Senra (O Rosal) ..... *Lorca y su entorno.*
- Alfonso Dorado Senra (O Rosal) ..... *Un recuerdo a Manuel C.*  
*González Fernández (1896-1977)*
- Herminio Arocas Vázquez (O Rosal) ..... *Etiquetas de Bodegas.*
- Infantiles**
- Francisco Alonso Dorado O Rosal) ..... *Ajedrez, Blancas contra Negras.*
- Sofía Alonso Dorado O Rosal) ..... *Las flores de mi jardín.*
- Numismática**
- Odel Álvarez Gómez (O Rosal) ..... *Plata de Isabel II*


A Xunta Directiva do Grupo  
Filatélico e Numismático  
“Val de O Rosal”  
agradece a todos os  
colaboradores e filatelistas que,  
nestes 25 anos,  
fixeron posible realizar estas  
Mostras Filatélicas.



ORGANIZA:



COLABORAN:



PATROCINAN:

